

SANIDAD

A Xunta delega o ensaio dunha vacina para a gripe nun centro financiado pola empresa que a fabrica

O ensaio estuda a substitución da vacina empregada ata o momento entre as persoas de 65 e 79 anos. De resultar favorable, produciría un negocio multimillonario para Sanofi, a empresa que a comercializa e que financia regularmente ao IDIS.




Javier H. Rodríguez[@javierhrguez \(https://twitter.com/javierhrguez?lang=es\)](https://twitter.com/javierhrguez?lang=es)

15 NOV 2023 05:30

A Consellería de Sanidade da Xunta de Galiza, liderada por Julio García Comesaña, decidiu delegar no Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) un ensaio que abre a porta a cambiar a actual vacina da gripe para persoas de entre 65 e 79 anos. Como puido comprobar O Salto e denunciaron varias organizacións de profesionais sanitarios, ese mesmo centro de investigación recibe financiamento desde hai anos da mesma empresa que fabrica a vacina: Sanofi-Aventis. De chegar a resultar favorable o ensaio e aprobarse o cambio de tipo de vacina, a súa aplicación afectaría a máis de 450.000 galegos e galegas e engrosaría excesivamente as contas do conglomerado farmacéutico francés cun negocio multimillonario.

Os investigadores que dirixen o ensaio pertencen ao Grupo de Xenética, Vacinas e Enfermidades Infecciosas (GENVIP) do IDIS, que conta coa multinacional farmacéutica como unha das empresas coa que asina algúns dos seus convenios máis xenerosos. É o sétimo organismo que máis achega en cantidade de ingresos

do dobre de financiamento que a propia Universidade de Santiago de Compostela, con quen o Instituto de Investigación comparte estrutura humana e material. De feito, en só oito anos (2014-2021), dos únicos dos que existen datos públicos, o conglomerado farmacéutico ingresou nas contas do Instituto de Investigación de Santiago de Compostela un total de 225.297,16 euros.

É por iso mesmo que algúns colectivos médicos quixeron pór en dúbida o rigor metodolóxico destes ensaios e “as tentacións” nas que se poden ver involucrados os investigadores ante a magnitude do negocio. Un deles é Suso Sueiro, voceiro da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitariq (Agamfec): “Cremos que a xente que investiga neste tipo de ensaios e que de cuxos resultados depende a aplicación ou non de novas vacinas debería ter un nivel de obxectividade e neutralidade moi grande”. Algo que desde Agamfec consideran deficiente neste caso. “Se isto supón que vai cambiar a política de compra de vacinas por parte da Xunta, non parece a forma máis honesta de proceder”, denuncia Sueiro.

A literatura científica respecto disto demostrou en varias ocasións a influencia negativa dos provedores que financian os estudos sobre os resultados dos mesmos

De feito, a literatura científica respecto diso e a hemeroteca demostraron en varias ocasións a influencia negativa dos provedores que financian os estudos sobre os resultados dos mesmos. Un artigo de investigación (<https://pubmed.ncbi.nlm.nih.gov/28207928/>) publicado en *Cochrane* en 2017

medicamentos e dispositivos por parte da empresa fabricante conduce “a resultados e conclusións de eficacia máis favorables que o patrocinio doutras fontes”. Ademais, as súas análises suxiren a existencia dun “nesgo da industria que non pode explicarse mediante avaliacións estándar de risco de nesgo”.

“A investigación clínica que afecta á forma na que os médicos practican o medicamento está cada vez máis patrocinada por empresas que fabrican medicamentos e dispositivos médicos”, sosteñen os investigadores. E fan fincapé en que revisións sistemáticas anteriores á súa xa concluíran que os estudos patrocinados pola industria farmacéutica “son a miúdo máis favorables ao produto do patrocinador en comparación con estudos con outras fontes de patrocinio”.

Ao peche desta edición, a Xunta de Galiza aínda non respondeu as preguntas desta redacción á mantenta do rigor metodolóxico e científico do IDIS e do seu potencial conflito de interese á hora de avaliar unha vacina que produce unha empresa que o financia.

Un ensaio “pioneiro” sen pasar pola comisión de vacinas

O relato da Xunta de Galiza e das súas terminais mediáticas ao redor deste ensaio estivo fiado ao redor do adxectivo 'pioneiro' e outros cualificativos ao redor do seu potencial éxito. Ademais, desenvolveu até unha web monográfica e paseou por roldas de prensa e entrevistas tanto á directora xeral de Saúde Pública, Carmen Durán, como a Federico Martinón, promotor e investigador principal do ensaio desde o IDIS. En cambio, como denuncian desde Agamfec, nin a decisión da consellería nin a información detallada pasaron pola Comisión Galega de Enfermidades Inmunoprevenibles. Tamén coñecida no gremio como a 'comisión de vacinas': “Nin sequera puxeron en coñecemento dos especialistas esta manobra”.

A información aos médicos de Atención Primaria tamén foi escasa, pero máis se cabe cara aos e as pacientes, que soamente recibiron unha mensaxe de texto coa oportunidade e a forma de acceder a ela: “Este ano pode elixir entre a campaña habitual da gripe ou participar nun ensaio clínico (Galflu), no que tera un 50% de posibilidades de recibir unha vacina xa comercializada con protección

En esencia, o ensaio resúmense niso que a Xunta desenvolve un pouco máis na súa web. Existen diversas variantes de vacinas contra a gripe, pero para a actual campaña de vacinación antigripal empregáranse dous tipos específicos: unha de alta dose e outra de dose estándar. A vacina de alta dose demostrou ser máis eficaz na prevención da gripe e as súas complicacións en pacientes maiores de 80 anos, razón pola cal se administra regularmente neste grupo en Galiza.

O propósito deste estudo é avaliar se a vacina de alta dose supera en eficacia á vacina de dose estándar na redución de casos de gripe, hospitalizacións e complicacións asociadas en persoas de 65 a 79 anos, para quen normalmente se administra a vacina estándar na rutina de vacinación contra a gripe. Con todo, nin a consellería de Sanidade nin o IDIS mencionan este potencial conflito de interese coa empresa que a fabrica.

Unha empresa condenada por omitir información nos seus prospectos

Tampouco se fixo fincapé na recente condena recibida pola multinacional

padecen hoxe tres adolescentes nados entre 2003 e 2007. Estes trastornos atribúense ao consumo durante o embarazo de Depakine, un medicamento antiepiléptico cuxo principio activo é o valproato de sodio e que producía a farmaceutica.

A sentenza sentou ademais un fito nos tribunais españois ao establecer, por primeira vez, unha relación causal entre o fármaco e os danos. Sostense que a empresa non informou adecuadamente sobre os riscos deste medicamento até 2015, a pesar da existencia de evidencia científica abundante durante máis dunha década. Do mesmo xeito que a Xunta non informou adecuadamente a case medio millón de galegos e galegas sobre o quen é quen detrás da agulla que picará os seus brazos durante esta campaña de vacinación.

Arquivado en: [Galicia](#) · [O Salto Galiza](#) · [Sanidad](#)

Informar de un error